

Programa Universitario de Maiores – Campus Pontevedra

Guía Docente 2024-25

Información xeral:

Nome materia	Introdución ao sistema xurídico español		
Código / Tipo	IV21430 / Materia optativa		
Titulación	Universitario/a Sénior en Cultura e Sociedade		
Créditos ECTS	1.5	Total horas presenciais	15
Lingua impartición	Galego		
Lugar impartición	Aula 2 – Escola Enxeñaría Forestal*		
Curso / Semestre	Primeiro / 1º cuadrimestre	Horario	Mércores 16:00-17:00h*
Coordinador/a	Fernando Martínez Arribas		
Profesorado	Fernando Martínez Arribas		
Correo-e	fernando.martinez@uvigo.gal		
Observacións	Esta materia ten un límite de matrícula de 50 prazas.		

*Suxeito a modificacións por diferentes necesidades.

Obxectivos xerais:

Espérase do alumnado que adquira un espírito reflexivo e crítico sobre noticias de carácter xurídico, Adquira criterios propios sobre a situación do Dereito na actualidade, poida facer unha análise sobre se representa unha solución ou un problema, elabore un traballo sobre un texto relacionado co Dereito e asista a xuízos reais coa fin de coñecer, in situ, a situación da Xustiza en España.

Contidos:

Tema 1	O constitucionalismo. Orixe e conceptualización. As Revolucións liberais. As constitucións históricas en España
Tema 2	As fontes do Dereito. De onde ven e quen pode crealo? A Constitución e o proceso de transición á democracia en España. Lei Orgánica e Lei Ordinaria. As normas con rango de Lei (especial mención ao Decreto Lei). A potestade regulamentaria.
Tema 3	Constitucionalismo multinivel. Os Tratados Internacionais e o Dereito da Unión Europea. A relación entre o Dereito estatal e o Dereito autonómico.
Tema 4	Xurisdición e ordes xurisdicionais. Xurisdición civil. Xurisdición penal. Xurisdición contencioso-administrativa. Xurisdición social. Xurisdición militar.

Avaliación:

Modalidades avaliación	Descrición	Porcentaxe
Asistencia e participación	Será necesario a asistencia a máis dun 80 % das clases para obter o aprobado na materia.	70%
Traballo en grupo	Elaboración dun traballo sobre un tema de actualidade	30%

Outros comentarios sobre avaliación e recomendacións: